

REGULAMENTO DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS A TÍTULOS E GRAOS ACADÉMICOS DE POSGRAO

Os Reais Decretos 55/2005 e 56/2005, de 21 de xaneiro, establecen a estrutura das ensinanzas universitarias e regulan os estudos universitarios de Grao e de Posgrao.

O Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, regula as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.

O dito Real Decreto 285/2004 foi modificado polo Real Decreto 309/2005, de 18 de marzo, e engade unha nova sección relativa á "Homologación a Títulos e Graos Académicos de Posgrao".

Dado que no mencionado Real Decreto 309/2005, atribúe a competencia da homologación a títulos e graos académicos de Posgrao aos reitores das universidades españolas, faise necesario a elaboración dun regulamento no que se estableza o procedemento para a obtención da dita homologación.

CAPÍTULO I. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Primeiro. Os títulos oficiais estranxeiros de educación superior poderán ser homologados:

- Ao actual título e grao de Doutor, en tanto non se produza a súa substitución polo previsto no Real Decreto 56/2005.
- Aos novos títulos oficiais de Máster e Doutor que se establezan de acordo co citado Decreto 56/2005, agás os títulos de Máster a que fai referencia o seu artigo 8.3.
- Ao grao académico de Máster.

Segundo. Non poderá concederse a homologación de títulos obtidos conforme a sistemas educativos estranxeiros respecto de:

- Os títulos e diplomas propios que as universidades impartan conforme ao artigo 34.3 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

- Os títulos españois cuxos planes de estudos estean extinguidos ou que aínda non estean implantados na súa totalidade en alomenos unha universidade española.

Tampouco poderán ser obxecto de homologación os seguintes títulos ou estudos estranxeiros:

- Os que carezan de validez académica oficial no país de orixe.
- Os correspondentes a estudos estranxeiros realizados, en todo ou en parte, en España, cando os centros carezan da preceptiva autorización para impartir tales ensinanzas, ou ben cando as ensinanzas sancionadas polo título estranxeiro cuxa homologación se pretende non estivesen efectivamente implantas na universidade ou institución de educación superior estranxeira no momento no que esta expediu o título, de acordo co sinalado no artigo 86 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades. Non obstante, cando esas circunstancias afecten soamente a parte dos estudos realizados, os estudos parciais que non incorran en elas poderán ser obxecto de validación no seu caso.
- Os títulos que xa fosen homologados en España, ou os estudos superados para a súa obtención que xa foxen obxecto de validación para continuar estudos en España.

CAPITULO II. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Terceiro. O interesado presentará a súa solicitude no rexistro xeral ou nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo así como nos lugares previstos no artigo 38 da lei 30/92, de *Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*, acompañada da seguinte documentación:

- a) Certificación acreditativa da nacionalidade do solicitante (fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte).
- b) Copia compulsada do título cuxa homologación se solicita ou da certificación acreditativa da súa expedición.
- c) Copia compulsada da certificación académica dos estudos realizados polo solicitante para a obtención do título de Posgrao, na que consten, entre outros extremos, a duración oficial, en anos académicos do programa de estudos seguido, as materias cursadas, a carga horaria de cada unha de elas e as súas cualificacións.
- d) Cando se trata de solicitudes de homologación ao título de Doutor, deberase acompañar tamén de unha memoria explicativa da teses realizada, redactada en castelán, con indicación dos membros do Xurado e cualificación, así como un exemplar desta.

Cuarto. Os documentos expedidos no estranxeiro deberán axustarse aos requisitos seguintes:

1. Deberán ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes para iso, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate.
2. Deberán presentarse legalizados por vía diplomática ou, se é o caso, mediante a apostila do Convenio da Haya. Este requisito non se esixirá aos documentos expedidos polas autoridades dos Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

De consideralo necesario, o órgano instructor (*Comisión doutoramento* ou –no seu caso- *Comisión de Posgrao*) poderá esixir que os documentos expedidos no estranxeiro vaian acompañados da súa correspondente tradución oficial ao castelán. Non será necesario incluír tradución oficial do exemplar da teses doutoral que debe aportarse coas solicitudes de homologación ao título de Doutor, nin dos documentos complementarios que requira o órgano instructor.

No caso de dúbida sobre a autenticidade, validez ou contido dos documentos achegados, o órgano instructor poderá efectuar as dilixencias necesarias para a súa comprobación, así como dirixirse á autoridade competente expedidora dos mesmos para validar os extremos dubidosos.

Quinto. O prazo de presentación da solicitude, acompañada da documentación establecida no punto 2º, será dos día 1 ao 15 dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano.

CAPÍTULO III. TRAMITACIÓN

Sexto. As oficinas do rexistro remitirán a documentación ao negociado de terceiro ciclo ou –no seu caso- á unidade de posgrao, segundo se solicite a homologación do título de Doutor ou de Máster.

Sétimo. As unidades mencionadas comprobarán que a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos no artigo terceiro e cuarto e emitirá o correspondente recibo para o seu pagamento polo interesado. Una vez recibido o xustificante do pagamento remitirá copia da documentación á Comisión de Doutoramento ou –se é o caso- á Comisión de Posgrao para que emita informe.

CAPÍTULO IV. INFORMES

Oitavo. A Comisión de Doutoramento ou –no seu caso- a Comisión de Posgrao emitirá informe no prazo máximo de 15 días dende a recepción da documentación. O dito informe terá carácter preceptivo e será motivado e

vinculante. O informe será FAVORABLE ou DESFAVORABLE á homologación do título.

Noveno. Para a emisión do informe deberá terse en conta:

a) Cando se solicite a homologación dun título estranxeiro o informe emitirase tendo en conta a formación adquirida polo alumno e tendo en conta:

- a correspondencia entre os niveis académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao título español.
- a duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación se pretende.
- a correspondencia entre os niveis académicos do título estranxeiro e do título español ao que se solicita a homologación.
- os contidos formativos superados para a obtención do título estranxeiro.

b) Cando se solicite a homologación a grao académico o informe emitirase tendo en conta os seguintes criterios:

- a correspondencia entre os niveis de acceso académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao grao académico español de que se trate
- a duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación se pretende.
- a correspondencia entre o grao académico dos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e o correspondente grao académico español ao que se solicita a homologación.

Décimo. A comisión de Doutoramento ou –no seu caso- a Comisión de Posgrao remitirá o informe ao negociado de Terceiro ciclo ou –no seu caso- á unidade de posgrao, a cal procederá:

- a) se o informe é favorable á homologación emitirá unha resolución reitoral motivada, que enviará ao interesado, e remitirá unha copia cotexada da mesma á sección de títulos.
- b) se o informe é desfavorable á homologación emitirá unha resolución reitoral motivada denegando a homologación, procedéndose seguidamente ao arquivo de toda a documentación.

TITULO V. RESOLUCIÓN

Undécimo. Recibida a copia cotexada da resolución reitoral favorable á homologación a Sección de Títulos comunicará a homologación á Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións do Mº de Educación e Ciencia, aos efectos da súa inscrición na sección especial do Rexistro nacional de títulos.

Duodécimo. Recibido do Mº de Educación e Ciencia o nº de inscrición no Rexistro nacional de títulos, procederáse, por parte da Sección de Títulos, a darlle o correspondente número de rexistro e inscrición no libro de Credenciais da Universidade.

Seguidamente a Sección de Títulos emitirá a correspondente credencial de homologación que será asinada polo Reitor, debéndose remitir copia da mesma ao negociado de terceiro ciclo ou unidade de posgrao.

A credencial de homologación deberá ser retirada persoalmente polo interesado ou por calquera outra persoa, no seu nome, con poder notarial.

Décimo terceiro. No caso de que o informe da Comisión de Doutoramento/Posgrao fose desfavorable non se expedirá a credencial de homologación arquivándose todas as actuacións.

Non obstante, o interesado poderá iniciar un novo expediente noutra universidade española distinta.

Décimo cuarto. O prazo máximo de duración de todo o procedemento será de seis meses dende a entrada da solicitude no Negociado de Terceiro Ciclo ou Unidade de Posgrao.

Disposicións adicionais:

Primeira. Non poderá solicitarse a homologación de maneira simultánea en máis dunha universidade.

Segunda. O título estranxeiro que xa tivese sido homologado non poderá ser sometido a novo trámite de homologación noutra universidade.

DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR

Que o presente *Regulamento de Homologación de títulos estranxeiros a títulos e graos académicos de posgrao* foi aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do día 5 de outubro de 2005.



Vigo, 6 de outubro de 2005

A SECRETARÍA XERAL

Mª Teresa Iglesias Randulfe